

Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 5640-611

### **INFORME-PROPOSTA**

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

O presente contrato se trata do **SERVIZO DE MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES** .

#### **1.-Natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse.**

##### Antecedentes:

Na actualidade a Concellería de Deportes ten un software informático de xestión dos procesos de reservas, usos de instalacións, domiciliacións, pagos TPV, sistemas de reservas web, control de accesos, rexistros, bases de datos e comunicacións usuarios. Este programa, esencial para o traballo diario do servizo de deportes, proporciona a ferramenta básica para a xestión electrónica nas instalacións deportivas municipais.

A Concellería de Deportes, no seu ámbito de responsabilidade na dinamización e impulso do deporte na cidade de Vigo nas súas diferentes manifestacións e como parte fundamental das súas funcións, debe manter as ferramentas informáticas das que dispón, nun estado óptimo de funcionamento.

Polo exposto, e tendo en conta as obrigas derivadas da acción de xestión deportiva que a Concellería de Deportes desenvolve, faise necesario proceder a contratación de servizo para o mantemento dos recursos informáticos, precisos para o desenvolvemento dos traballos que se realizan a través do servizo de deportes da Concellería.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2023 09:33

Páxina 1 de 4

5640-611

CSV: A6A22A-5EB5EC-D9882C-75W99V-NEHWVQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## 2.- Datos do contrato, necesidade e idoneidade.

En relación coa xustificación da necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), dispón no artigo 28, "as entidades do sector público no poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade e do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de elo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a súa adxudicación."

Tendo en conta os antecedentes descritos e o interese que ten para a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, considérase necesario proceder á tramitación dun expediente de contrato maior de servizos dos regulados no artigo 17 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do sector público, que permita á Concellería afrontar o importe derivado da contratación de servizos para a **REALIZACIÓN DE MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES**. Cómpre indicar que o obxecto desta contratación está detallado entre as competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Estímase, en consecuencia, que as necesidades ás que se pretende dar satisfacción mediante as devanditas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato é directa, clara e proporcional polos motivos expostos, xustificándose suficientemente no expediente de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP.

### Obxecto contrato:

Mantemento do software informático de xestión dos procesos de reservas, usos de instalacións, domiciliacións, pagos TPV, sistemas de reservas web,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:33	Páxina 2 de 4
5640-611	CSV: A6A22A-5EB5EC-D9882C-75W99V-NEHWVQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 5640-611

control de accesos, rexistros, bases de datos e comunicacións usuarios, e desenvolvemento da aplicación en función das necesidades do servizo.

O alcance recolle os seguintes puntos.

- Mantemento da xestión informática dos procesos de reservas, usos, domiciliacións, abonos, bonos, control de accesos, rexistros, bases de datos, etc...
- Mellora do soporte técnico para a resolución de incidencias.
- Actualización das novas versións.
- Realización de melloras indicadas dende a Concellería de Deportes, necesarias para a operatividade da aplicación, que impliquen desenvolvemento informático da paxina WEB
- Implantación de solucións necesarias para solventar incidencias que suceden no sistema de control de acceso para garantir o seu normal funcionamento.
- Modificación e personalización dun máximo de 15 listados/ano.

En canto ao tipo do contrato, debemos de referirnos ó propio obxecto do mesmo, do cal despréndese que dito obxecto enmárcase no contrato de Servizos, polo cal deberá ter a consideración dun contrato de servizos de acordo co estipulado no artigo 17 da ley 9/2017.

#### Financiamento do contrato.

O contrato financiarase con cargo a partida orzamentaria 3420.227.99.07 correspondente a "mantemento equipos e aplicacións informáticas" do orzamento vixente da Concellería de Deportes na que existe crédito suficiente.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 I) "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación SI (si/non).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:33	Páxina 3 de 4
5640-611	CSV: A6A22A-5EB5EC-D9882C-75W99V-NEHWVQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A súa anualidade media coincide Si coa do contrato vixente:

- En termos de licitación Si
- En termos de adxudicación Si

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolución da Alcaldía e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019, respectivamente, elévase á Concelleiro/a delegado/a de Deportes, a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

Iniciar o expediente administrativo para a contratación de servizos para a **REALIZACIÓN DE MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES**

Vigo, na data da sinatura dixital

JALF/rcr

O adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-director técnico.-Asdo.: José Ángel Lago Filgueira.

O xefe do Servizo de Deportes-director deportivo.- Asdo.:Rubén Peña Barceló.

### **DECRETO**

Vista a proposta que antecede, RESOLVO de conformidade,

O concelleiro-delegado de Deportes.-Asdo.: José Manuel Fernández Pérez.

Dou fe,

A Secretaria de Administración municipal.- Asdo.: Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:33	Páxina 4 de 4
5640-611	CSV: A6A22A-5EB5EC-D9882C-75W99V-NEHWVQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		